



SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL NA ASOCIACIÓN "GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO SUR"

BASES XERAIS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA OPTAR AO PROCESO DE SELECCIÓN DO *POSTO DE PERSOAL TÉCNICO*

Atendendo ao establecido no Convenio de colaboración asinado o 9 de xaneiro de 2023 entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia (en adiante Consellería) e a Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro GOLFO ÁRTABRO SUR (en adiante GALP GOLFO ÁRTABRO SUR) para a aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa (en adiante EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021 - 2027 a continuación establécense **as bases xerais que serán asumidas plena e incondicionalmente** sendo, polo tanto, **de obrigado cumprimento para todas as persoas que decidan participar** no proceso de selección e contratación **dunha praza para o posto de Persoal técnico** do referido GALP GOLFO ÁRTABRO SUR.

Estas bases atenden aos seguintes

CONTIDOS

- 1) O GALP GOLFO ÁRTABRO SUR ten sido seleccionado entre os oito grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) en base á Orde do 10 de maio de 2022, polo que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022, para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo e para a concesión da axuda preparatoria no período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027 en Galicia.
- 2) O GALP GOLFO ÁRTABRO SUR, atendendo ao previsto no artigo 19 da mencionada Orde de 10 de maio de 2022, funcionará baixo a figura de entidade colaboradora, para o cal tense formalizado o referido Convenio de Colaboración asinado o pasado 9 de xaneiro de 2023.
- 3) No devandito Convenio de Colaboración establecíanse as funcións, condicións e obrigas que asume o GALP GOLFO ÁRTABRO SUR como entidade colaboradora da Consellería, na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da EDLP da súa zona pesqueira e na xestión e control das axudas que se convoquen para a execución e desenvolvemento da mencionada estratexia EDLP.
- 4) Igualmente, o referido Convenio de Colaboración establecíase o cadro de persoal estimativo para que o GALP GOLFO ÁRTABRO SUR realizase as funcións que se lle encomendaban como



entidade colaboradora, atopándose dentro deste o correspondente ao persoal técnico obxecto deste proceso de selección.

- 5) O persoal do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR, en xeral e a persoa que ocupe o **posto de Persoal técnico** en particular asumirá, por tanto, con exclusiva dedicación e máxima dilixencia as tarefas que lle sexan propias para que os órganos de dirección e goberno e os membros de comisións de seguimento por parte da Asociación poidan dar cumprida e suficiente atención ao Convenio asinado coa Consellería no referido 9 de xaneiro de 2023, en especial ás funcións e obrigas que se lle asignan no mesmo.
- 6) Igualmente, a persoa que ocupe o **posto de Persoal técnico** atenderá ao mesmo tempo aos principios e normas esixidos pola Consellería ao GALP GOLFO ÁRTABRO SUR na cláusula décimo terceira do dito Convenio de Colaboración:

Para o cumprimento dos obxectivos da EDLP, tendo en conta o carácter público dos Fondos que a financian, a actuación do GALP **deberá garantir os principios de colaboración, imparcialidade, publicidade, transparencia, libre concorrancia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia**. Eses principios plasmaranse, entre outras, nas seguintes normas de actuación do GALP:

- a) Colaboración cos cidadáns en xeral, e coas entidades públicas ou privadas do territorio, pertencen ou non ao GALP, así como con outros GALP.
- b) Imparcialidade, mediante o seguimento do procedemento que o GALP recolla na súa EDLP para evitar o conflito de intereses que afectará, en calquera caso, aos membros dos órganos de avaliación e decisión dos GALP. En todo caso, para evitar o conflito de intereses arbitrase un mecanismo para que, nas tomas de decisións dos órganos do GALP, as declaracións de intereses queden perfectamente documentadas e formen parte do expediente.
- c) Publicidade, tanto das convocatorias e regras para a selección de proxectos, como dos proxectos subvencionados, así como das contratacións que deba facer o GALP.
- d) Transparencia, materializada en expedientes completos, na ausencia de acordos ocultos, sistema contable permanentemente actualizado, na ausencia de persoas e entidades en debates e acordos que lles afecten, e na sinatura por persoa delegada, en representación do cargo do órgano de decisión que sexa, á vez, perceptor ou interesado na axuda.
- e) Libre concorrancia, sen máis limitacións que as que se deriven da convocatoria, tanto para a selección de proxectos como para a contratación dos recursos humanos ou materiais, por parte do GALP, agás os de usos cotiáns de pequena contía.
- f) Obxectividade mediante a aplicación aos proxectos da normativa para a xestión da EDLP, en particular, dos criterios para a selección e priorización de proxectos, previamente establecidos e feitos públicos na propia Estratexia, así como da axeitada motivación da selección ou non de cada proxecto.
- g) Igualdade, de modo que non se dea un tratamento diferente a situacións iguais.
- h) Non discriminación, de xeito que non se produzan diferenzas de trato fundadas en motivos persoais nin noutras circunstancias alleas ás normas do GALP para a xestión da Estratexia, en particular, dos criterios para a selección e priorización de proxectos.
- i) Eficacia, en canto que as actuacións deben orientarse directamente á consecución dos obxectivos da Estratexia.

- j) Eficiencia, de xeito que cun menor coste posible se consiga o maior beneficio económico e social, ou unha maior protección do medio ambiente, co fin de acadar unha mellor relación entre o importe, as actividades realizadas e a consecución dos obxectivos.

O GALP rexerese polo principio de portas abertas, entendido como a posibilidade da libre incorporación, tanto no momento da constitución do GALP como ao longo do período de execución do Programa, das entidades con implantación local que, reunindo os requisitos esixidos para adquirir a condición de asociadas, soliciten a súa incorporación ao GALP.

- 7) En cumprimento do seu posto de traballo dentro do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR, a persoa que sexa elixida para o **posto de Persoal técnico** haberá de comprometerse laboral e profesionalmente na xestión da EDLP da Asociación e nas propias funcións do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR, establecidas na cláusula décimo cuarta do Convenio de colaboración indicado:
- a) Asumir as tarefas establecidas no artigo 33.3 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.
 - b) Asesorar tecnicamente aos posibles beneficiarios de axudas, co fin de estimular o desenvolvemento económico e social do seu ámbito territorial, no marco da EDLP.
 - c) Garantir a coherencia coa EDLP ao seleccionar ás operacións.
 - d) Promover a dinamización territorial e a mobilización social, e divulgar as diferentes medidas incluídas na Estratexia.
 - e) Facilitar a participación da poboación nas accións de desenvolvemento do territorio.
 - f) Informar aos beneficiarios das súas obrigas e guialos nas súas tarefas de xestión e comunicación. Comprobar o cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos de visibilidade, transparencia e comunicación establecidos no Regulamento (UE) 2021/1060 e no Regulamento (UE) 2021/1139.
 - g) Integrarse nas redes de grupos de desenvolvemento das zonas pesqueiras, tanto a nivel da Comunidade Autónoma como do Estado ou da UE.
 - h) Aplicar o Manual de Procedemento do FEMPA para este tipo de intervención, que será proporcionado pola Consellería do Mar, así como utilizar a aplicación informática que facilite a mesma.
 - i) Dinamizar, promover e valorizar a zona pesqueira e sensibilizar a todos os axentes, así como implicalos nas accións e actividades levadas a cabo polo GALP, facilitando a participación da sociedade no desenvolvemento do Programa.
 - j) Posibilitar entre as entidades asociadas o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo e intervención no ámbito do desenvolvemento zonal e rexional.
 - k) Promover ou participar, no seu caso, en proxectos de cooperación transnacional e interterritorial fóra e dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as bases reguladoras e convocatorias correspondentes.
 - l) Impulsar o exercicio profesional dirixido a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
 - m) Promover actividades de carácter informativo, de investigación, prevención e sensibilización, tendo como principais destinatarios o sector pesqueiro, e prioritariamente as mulleres, mozos/as e colectivos desfavorecidos vinculados ao citado sector.
 - n) Promover o traballo en rede das mulleres do sector pesqueiro e o seu asociacionismo.

- o) Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas á protección do medio natural nas zonas de pesca co fin de manter o seu atractivo, recuperar e desenvolver o patrimonio natural e cultura das zonas pesqueiras.
 - p) Asumir as funcións que lle sexan propias ao posto de traballo de **Persoal técnico** para o que fose contratada no relativo ao procedemento de concesión de axudas que se convoquen para a execución da EDLP do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR segundo establece a cláusula vixésima primeira do convenio asinado entre o GALP GOLFO ÁRTABRO SUR e a Consellería, tanto ás de carácter xeral como especialmente as relativas á selección dos proxectos para o desenvolvemento da EDLP nos que os GALP non son beneficiarios, ás xustificacións de proxectos nos que os GALP non son beneficiarios, ao control e seguimento dos proxectos e aos proxectos de cooperación entre GALP (proxectos propios).
 - q) Colaborando e someténdose plenamente ás actuacións de comprobación e de control que, con respecto da colaboración da execución da EDLP e da xestión dos Fondos, poida efectuar a Consellería do Mar, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que soliciten realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos, nacionais como comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida en relación ao exercicio das funcións que lle corresponden, tal e como establece as cláusulas vixésimo segunda e vixésimo terceira do referido convenio asinado entre o GALP GOLFO ÁRTABRO SUR e a Consellería do Mar.
 - r) E calquera outra que favoreza o desenvolvemento sostible da Zona Pesqueira do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR.
- 8) Apoiar e participar activamente, segundo as directrices operativas da Xerencia e dos demais órganos de goberno do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR, na difusión, animación e promoción da súa EDLP, debendo asumir na medida do seu cometido laboral:
- a) Manter xuntanzas con colectivos, organizacións, grupos de veciños, profesionais vinculados ao desenvolvemento do territorio na maior extensión posible, co fin de que o Programa sexa coñecido pola poboación do territorio e para crear dinámicas de interacción.
 - b) Dar publicidade das actividades programadas e realizadas de animación da EDLP á Consellería do Mar para que esta poida incorporala ás súas páxinas web.
 - c) Ter á disposición do público, no taboleiro de anuncios da oficina ou oficinas, así como nas páxinas web que correspondan, información actualizada do Programa, das axudas dispoñibles no marco deste, das normas do GALP para a xestión do Programa, convocatorias e demais información relevante.
 - d) Difundir a Estratexia no territorio de actuación, as convocatorias e axudas dispoñibles no seu marco e a apertura de prazos de solicitude, de xeito que os coñeza a maior parte da poboación.
 - e) Difundir, ao longo do período de programación, información relativa á evolución da EDLP.
 - f) Dar a coñecer a sede do GALP mediante placas ou carteis e utilizar os logotipos das administracións financiadoras no material impreso que use o GALP e nas actuacións promovidas por este.
 - g) Dar publicidade ao principio de portas abertas do GALP.
 - h) E naqueles outros cometidos que dende a Xerencia e os órganos de goberno do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR se consideren necesarios para dar cumprimento compromiso co desenvolvemento, dinamización e animación da EDLP e ao referido Convenio asinado entre o GALP e a Consellería do Mar.

- 9) A praza do **posto de Persoal técnico** a cubrir dentro deste proceso de selección e contratación de persoal laboral no GALP GOLFO ÁRTABRO SUR en ningún caso suporá ningún tipo de relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo coa Consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha a esta, nin directa nin subsidiariamente polos actos ou efectos que acontezan no desenvolvemento da súa actividade laboral dentro do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR.
- 10) No relativo ao réxime de contratación por parte do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR de asistencias técnicas, obras, subministracións ou calquera outro tipo de contratación, o persoal a contratar haberá de cumprir e facer cumprir no marco dos gastos de funcionamento e animación, os principios de liberdade, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato, e de eficiencia, conforme se establece na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, dada a súa condición de entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión e control de fondos públicos. segundo se establece na cláusula décimo oitava do referido Convenio asinado entre o GALP GOLFO ÁRTABRO SUR e a Consellería.
- 11) A persoa seleccionada para o **posto de Persoal técnico** asumirá incondicionalmente as obrigas que lle sexan propias ao GALP GOLFO ÁRTABRO SUR en materia de tratamento de datos de carácter persoal, tal e como establece a cláusula vixésimo cuarta do mencionado convenio asinado entre o GALP GOLFO ÁRTABRO SUR e a Consellería.
- 12) O prazo límite para presentar as candidaturas será o **20 de setembro de 2024 ás 14:00 horas**, unha vez contados os 15 días hábiles dende o día seguinte da última publicación do anuncio da oferta de emprego no diario de maior tirada na zona do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR, da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico dos concellos que forman parte do GALP, no taboleiro de anuncios da sede do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR, da súa publicación na páxina web establecida pola Consellería do Mar (<https://galp.xunta.gal/golfo-artabro-sur/persoal>) así como na páxina web propia do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR (<http://galpgolfoartabrosur.blogspot.com.es/p/licitacions.html>)
- 13) No caso da experiencia laboral e méritos valorables, deberá acreditarse **a través da copia simple dos mesmos**, así como coa vida laboral e o contrato ou contratos laborais correspondentes, acreditativos da experiencia laboral esixida en cada caso. A non correcta xustificación documental dos méritos axustada a este punto impedirá a súa valoración. O GALP GOLFO ÁRTABRO SUR resérvase o dereito, durante todo o proceso de selección, a pedir ás persoas participantes nel os orixinais necesarios de todos e cada un dos méritos presentados para verificar que se axustan á realidade.
- 14) Quen desexe participar neste proceso de selección, deberá presentar, dentro do prazo establecido, a súa candidatura dirixida á Presidencia do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR **mediante correo certificado con acuse de recibo** na dependencias da empresa que está a dar apoio á Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro do Golfo Ártabro Sur neste proceso de selección:
Noroeste de Valor asociados, SL
Avenida Che Guevara, 46 baixo – Perillo
15172 Oleiros
No vértice superior esquerdo da parte exterior do sobre **deberase indicar “Participación no proceso selectivo do persoal técnico GALP GOLFO ÁRTABRO SUR (Ref. TEGALP - GAS/2024)”**.

De cara a atender aos principios de publicidade, transparencia e imparcialidade, esta será a única canle de recepción de candidaturas, **non admitíndose a recepción de xeito presencial ou por calquera outra vía.**

- 15) Tralo seu envío por correo certificado, **deberase enviar posteriormente, por correo electrónico** e á maior brevidade, a copia dixitalizada do xustificante de envío de Correos ao enderezo electrónico: seleciongalpgolfoartabrosur@gmail.com , indicando no asunto "Envío de candidatura para o GALP GOLFO ÁRTABRO SUR **Posto de persoal técnico 2024**".
- 16) En todo caso, a presentación **deberá ir obrigatoriamente acompañada** da copia simple do documento nacional de identidade e dun curriculum vitae debidamente documentado, así como da xustificación documental acreditativa específica e individualizada dos méritos alegados, en particular os establecidos nos apartados de perfil profesional mínimo esixible e valorable segundo o apartado de Requirimentos Específicos do **posto de Persoal técnico**.
- 17) As persoas que concorran ao proceso de selección da praza do **posto de Persoal técnico**, coñecen e aceptan de xeito incondicional e sen reservas as bases do mesmo, autorizando á cesión destes datos aos únicos efectos do desenvolvemento do presente proceso selectivo.

En Sada, a 23 de agosto de 2024

A presidencia do GALP Golfo Ártabro Sur
Asdo.: Alberto L. Castro García

BASES DE REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO DE PERSOAL TÉCNICO DO GALP GOLFO ÁRTABRO SUR

Posto a cubrir:	Unha praza de Persoal técnico da Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro GOLFO ÁRTABRO SUR
Referencia:	TECGALP GAS/2024
Tipo de dedicación ao posto:	Dedicación exclusiva con exclusión de calquera outro tipo de actividade laboral ou profesional
Tipo de xornada de traballo:	Xornada completa
Horario da xornada laboral:	A determinar
Centro de traballo:	Sada (A Coruña)
Tipo de contratación:	Contrato laboral de duración indefinida vinculado ao desenvolvemento das obrigas e funcións que lle son propias á Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro GOLFO ÁRTABRO SUR para dar debido cumprimento ao Convenio de colaboración asinado o 9 de xaneiro de 2023 coa Consellería do Mar da Xunta de Galicia para a aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa (en adiante EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021 – 2027.
Retribución anual total bruta:	30.000 €
Número de pagas anuais:	12 mensualidades, coas pagas extraordinarias (2) rateadas en cada mensalidade.
Réxime de contratación:	Contrato laboral de duración indefinida segundo convenio colectivo de aplicación.
Principios do proceso de selección:	O proceso de selección, ademais de cumprir os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, cumprirá cos principios de: <ul style="list-style-type: none"> • Publicidade da convocatoria e das bases. • Transparencia. • Imparcialidade dos membros do órgano de selección. • Adecuación entre o contido do proceso e as funcións e tarefas que se van a desenvolver no posto a cubrir.
Requisitos de carácter xeral para poder participar no proceso:	<ul style="list-style-type: none"> • Ter cidadanía española ou dun estado membro da Unión Europea, ou dalgún estado no que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola UE e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. • Ser maior de 18 anos e non ter acadada a idade de xubilación. • Estar en posesión do permiso de conducir B1 e dispoñibilidade de vehículo para o seu uso, durante a xornada laboral, para o desenvolvemento das tarefas e funcións habituais derivadas do posto de traballo. • Non desenvolver cargos electos en ningún Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia ou Grupo de Desenvolvemento Rural de Galicia.

	<ul style="list-style-type: none"> • Non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co normal desempeño das correspondentes funcións. • Non estar incurso/a nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Administración Pública. • Non ter sido separado definitivamente, mediante expediente disciplinario, do servizo en calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio da función pública. As persoas aspirantes de nacionalidade distinta á española haberán de acreditar non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal, que impida no seu estado o acceso á función pública. • Dispor dunha conta de correo electrónico aos efectos de comunicación durante o proceso selectivo.
<p>Tarefas a asumir no posto ofertado:</p>	<p>Dende o posto de Persoal técnico do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR asumiranse como propias, baixo a supervisión directa da Xerencia e dos distintos órganos de goberno, as seguintes tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Baixo a dirección da Xerencia apoiar a esta na elaboración de documentos e na coordinación e execución dos traballos organizativos necesarios para atender ao seguimento e avaliación da aplicación da EDLP, no procedemento de concesión de axudas, na comprobación de actuacións e control financeiro, na xestión e control dos fondos asignados ao GALP para a execución da EDLP, no tratamento de datos de carácter persoal e demais traballos técnicos necesarios para facer atender ao correcto e ordenado seguimento da actividade do GALP cara a súa presentación e xustificación perante os órganos de goberno do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR e a propia Consellería do Mar sobre a execución da EDLP e o nivel de logros acadados, segundo o programa de revisión e seguimento previstos. • Dar apoio á Xerencia para a representación técnica e organizativa do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR perante ó persoal técnico da Consellería do Mar, tanto en materia de xustificación da xestión propia do dito GALP como en relación cos proxectos subvencionables e actividades vinculadas á súa EDLP. • Realizar a avaliación, valoración técnica e documental dos proxectos susceptibles de ser apoiados polas axudas que se convoquen para a execución da EDLP, segundo os criterios de valoración establecidos e os procedementos establecidos a tal efecto, para a súa elevación a Xerencia do GALP. • Asistir con voz pero sen voto ás reunións ordinarias e extraordinarias dos órganos de goberno do GALP, así como ás mesas sectoriais, cando así o requira a Xunta Directiva da Asociación ou a Xerencia. • Atender, informar e asesorar ás persoas promotoras para a posta en marcha de proxectos que sexan susceptibles de acadar axudas dentro do Programa FEMPA Galicia 2021-2027. • Valorar e informar ás persoas promotoras para que os proxectos presentados e a documentación que teñan que acompañar, cumpran os requisitos e os criterios esixidos polo GALP e a e as bases de axuda e normativa de aplicación. • Apoiar á Xerencia na coordinación e presenza, tanto dentro como fóra do ámbito territorial de influencia do GALP, para a difusión dos



SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL NA ASOCIACIÓN "GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO SUR"

	<p>obxectivos estratéxicos e operativos do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR.</p> <ul style="list-style-type: none">• Axudar nas tarefas de comunicación e divulgación do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR nos foros, eventos e actividades onde así se considere oportuno por parte da Xerencia.• Dar soporte á Xerencia na definición, seguimento, control e validación dos traballos, estudos técnicos, proxectos e demais actividades de calquera outra índole de visibilidade externa que dende o propio GALP GOLFO ÁRTABRO SUR se poñan en marcha ao longo do desenvolvemento da súa EDLP.• Potenciar o coñecemento do territorio, focalizando esforzos, axudando tecnicamente a identificar proxectos e motivando sinerxias colaborativas, de tal xeito que se poida aumentar a súa presenza no mesmo.• Apoiar a divulgación e promoción do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR nos ámbitos acordados dende os seus órganos de goberno e a súa Xerencia.• Dar soporte á Xerencia nas tarefas de representatividade do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR na busca e atracción de investimentos no territorio, logrando aumentar a capacidade do Grupo para impulsar novas alternativas empresariais e de emprego, atendendo en todo caso aos obxectivos estratéxicos e ás medidas a impulsar.• Velar polo óptimo funcionamento técnico e operativo do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR, de cara a cumprir cos obxectivos marcados na EDLP, nos estatutos da propia asociación e no convenio de colaboración coa Consellería do Mar da Xunta de Galicia.• E, en xeral, atender a aquelas tarefas técnicas que se consideren oportunas dentro da organización e xestión operativa do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR, en especial aquelas outras que de xeito máis cotiá se estimen dende a propia Xerencia ou dende os órganos de goberno do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR.
Presentación de candidaturas:	<p>As candidaturas terán que atender á seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none">• Anexo I. Modelo de Solicitud de participación no proceso de selección.• Copia simple do DNI, NIE ou documento identificativo persoal equivalente.• Copia simple do Permiso de Conducir.• Curriculum Vitae segundo modelo EUROPASS.• Copia simple da titulación superior que se acredite.• Copia simple dos contratos de traballo ou certificados de empresa onde figure o nome dos postos de traballo desempeñados.• Copia da Vida laboral actualizada, como mínimo a 31 de agosto de 2024.• Copia simple dos títulos de formación para a valoración dos méritos, nos que se identifiquen as horas e a entidade formativa que a expide.• Copia simple dos títulos ou certificados de acreditación do nivel de idiomas, requirido para a valoración de méritos.





SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL NA ASOCIACIÓN "GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO SUR"

	<p>Os méritos que non estean debida ou suficientemente acreditados non serán obxecto de valoración no proceso, non habendo lugar á rectificación, subsanación ou ampliación unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas.</p>
Perfil profesional mínimo esixible (para admitirse a candidatura haberanse de cumprir todos os requirimentos establecidos):	<ul style="list-style-type: none">• Título universitario oficial de grao, licenciado, enxeñería ou equivalente do nivel 3 do marco español de cualificacións para a educación superior.• Certificación Nivel B2 de idioma inglés do Marco Común Europeo de Referencia ou certificación equivalente. <p>O non cumprimento destes dous requisitos mínimos suporá a non admisión da candidatura para participar nas distintas probas do proceso de selección do posto de Persoal técnico.</p>
Proceso de selección:	<p>Unha vez admitidas as candidaturas iniciais segundo o perfil profesional mínimo esixible, o proceso de selección consistirá de:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Unha proba escrita sobre coñecementos relativos á actividade do GALP Golfo Ártabro Sur e a normativa de aplicación técnica que se relaciona no Anexo II (un máximo de 45 puntos, cun mínimo de 25 puntos para pasar á seguinte proba).2. Unha valoración do perfil profesional complementario avaliable (un máximo de 35 puntos segundo o baremo establecido).3. Unha entrevista persoal presencial (Un máximo de 20 puntos).
Proceso de selección. Características da Proba escrita (proba 1):	<p>A proba escrita constará de 45 preguntas tipo test, con tres respostas posibles das cales soamente unha é a correcta.</p> <p>O criterio de avaliación establecido outorgará un punto ás respostas contestadas correctamente e restará 0,5 por cada resposta incorrecta.</p> <p>As preguntas que non sexan contestadas non serán consideradas como respostas erróneas e polo tanto non restarán puntos.</p> <p>As preguntas estarán baseadas nos temarios que se describen no Anexo II das presentes Bases.</p> <p>A duración da proba test será dun total de 60 minutos.</p> <p>A proba terá carácter eliminatorio, de xeito que será determinante o seu resultado para poder realizar as dúas fases restantes do proceso: avaliación de méritos e entrevista persoal.</p> <p>Seguirán no proceso de selección e pasarán á seguinte proba unicamente aquelas candidaturas que acaden unha puntuación mínima de 25 puntos, sobre os 45 puntos máximos de proba.</p> <p>No caso de que ningunha das persoas candidatas obtivera na proba escrita a puntuación mínima requirida para continuar co proceso de selección, procederase, nun prazo máximo de 7 días naturais, a realizar novamente</p>





SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL NA ASOCIACIÓN "GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO SUR"

	<p>unha segunda proba escrita con idéntica estrutura e temario na que se convocaría a todas as persoas candidatas admitidas no proceso.</p> <p>Só no caso de que ningunha persoa candidata acade a puntuación mínima establecida na segunda proba escrita, o órgano de goberno con competencias para isto terá a potestade para fixar un novo mínimo de puntuación que permita continuar co proceso de selección se así o considerase.</p> <p>Para poder participar nesta proba, as persoas aspirantes haberán de vir provistas do seu documento de identidade, NIE ou documento identificativo persoal equivalente. A non identificación por calquera destes medios conlevará a inadmisión para participar na dita proba.</p> <p>O chamamento farase por orde alfabético do primeiro apelido.</p>
Anonimato na proba escrita:	<p>Para garantir o anonimato na proba escrita do proceso de selección adoptaranse as medidas definidas na instrución nº 7 de 23 de maio de 2018 da Dirección Xeral de desenvolvemento pesqueiro para garantir o anonimato nas probas escritas nos procesos selectivos de persoal dos grupos de acción local do sector pesqueiro:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Cada persoa aspirante recibirá un impreso para consignar os datos persoais e dous sobres, un grande e outro pequeno.2. O persoal aspirante cubrirá o impreso e o introducirá no sobre pequeno e o pechará.3. Entregaránselle ao persoal aspirante o exame tipo test.4. Quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen as persoas asinantes, ou sinais ou marcas que puideran romper o anonimato, así como aquel que resulte inlexible.5. Finalizada a proba escrita, a persoa aspirante incluírá esta no sobre grande e se lle entregará aos responsables do proceso xunto co sobre pequeno que contén os datos persoais. Os responsables do proceso pegarán unha etiqueta adhesiva codificada no primeiro folio do exame e outra no sobre pequeno dos datos persoais.6. Os responsables do proceso gardarán os sobres pequenos que conteñen os datos persoais nun sobre grande, o cal será asinado por todos os membros da comisión de selección, e non será aberto ata que finalice a cualificación anónima da proba escrita. Una vez corrixida e cualificada a proba, procederase a apertura do sobre grande, para o cal requirirase a presenza de testemuñas, e levantarase acta.
Proceso de selección. Valoración do perfil profesional	<p>Unha vez pechada a proba escrita, procederase á valoración do perfil profesional complementario avaliable das candidaturas que teñan superado aquela, atendendo aos seguintes criterios:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Contar cunha experiencia previa na asunción de tarefas como persoal técnico en programas de desenvolvemento local de filosofía similar a





SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL NA ASOCIACIÓN "GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO SUR"

<p>complementario avaliado:</p>	<p>FEMPA (Leader, Proder...), como parte do cadro de persoal dun Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro, dun Grupo de Desenvolvemento Rural ou dunha administración pública. (0,5 puntos / mes ata un máximo de 17 puntos).</p> <p>2. Contar cunha experiencia previa na asunción de tarefas como persoal administrativo en programas de desenvolvemento local de filosofía similar a FEMPA (Leader, Proder...), como parte do cadro de persoal dun Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro ou dun Grupo de Desenvolvemento Rural. (0,4 puntos / mes ata un máximo de 14 puntos).</p> <p>A suma deste dous méritos poderá ser, como máximo, 17 puntos sobre o total da valoración do mesmos.</p> <p>3. Estar en posesión de estudos de terceiro ciclo, Posgraos ou Mestrados directamente relacionados coa planificación, dinamización e desenvolvemento local, coa economía azul ou MBA (Mestrado en administración ou xestión de empresas). (2 puntos por título acreditado ata un máximo de 4 puntos).</p> <p>4. Estar en posesión dalgunha titulación universitaria seguintes: Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas Licenciatura en Dereito Licenciatura en Economía Enxeñería superior (1,5 punto por título acreditado ata un máximo de 3 puntos).</p> <p>5. Certificado en lingua Inglesa nivel C do Marco Común Europeo de Referencia, certificación equivalente ou validación de estudos. (3 puntos).</p> <p>6. Certificado de lingua francesa, portuguesa ou italiana B ou superior do Marco Común Europeo de Referencia ou certificación equivalente ou validación de estudos. (1,5 puntos por cada certificación de cada idioma ata un máximo de 3 puntos). No caso de presentar máis dun certificado por idioma, valorarase só o superior, non valorándose máis dun certificado por idioma.</p> <p>7. Ter impartido cursos ou ter participado como poñente en xornadas ou seminarios directamente relacionados co desenvolvemento local e a promoción de actividades económicas, empresariais ou comerciais, servizos á poboación, xeración e fomento do emprego e valorización do turismo. Só se acreditarán as actividades impartidas para Administracións Públicas, Colexios Profesionais, Sindicatos, Asociacións ou Confederacións de Empresarios.</p> <p>As horas destas actividades serán de carácter acumulativo, sumando o conxunto de actividades. Cando a duración sexa de 1 día computarase a todos os efectos 5 horas. (0,5 puntos por cada 50 horas acreditadas ata un máximo de 2 puntos).</p>
-------------------------------------	---



	<p>8. Certificado de Lingua Galega CELGA 4 ou validación de estudos. (2 puntos).</p> <p>9. Dispór de coñecementos avanzados acreditados en ferramentas de ofimática, xestión de perfís profesionais ou de empresa en redes sociais e en espazos web ou blogs. (0,5 puntos por cada 40 horas acreditadas ata un máximo de 1 puntos).</p> <p>A valoración deste apartado do proceso farase única e exclusivamente atendendo aos diplomas, títulos e demais documentación presentados e, no caso da experiencia anterior, cos contratos de traballo e vida laboral correspondentes.</p> <p>A puntuación máxima acadable neste apartado será de 35 puntos.</p>
<p>Proceso de selección. A entrevista persoal (proba 2):</p>	<p>As 5 candidaturas con maior puntuación trala valoración do perfil profesional complementario valorable, rematarán o proceso de selección cunha entrevista final (ata un 20 puntos), coa finalidade de acreditar oralmente as súas competencias e habilidades individuais ao posto.</p> <p>A entrevista farase de xeito presencial cunha duración máxima de 15 minutos.</p> <p>A entrevista estruturarase de xeito que se poidan avaliar as habilidades e aptitudes das persoas candidatas de cara a valorar a súa idoneidade para o posto a cubrir.</p> <p>Á entrevista poderán asistir, sen voz nin voto, aqueles membros da xunta directiva do GALP que así o determinen.</p> <p>A puntuación final acadada por cada persoa aspirante nesta proba obterase da puntuación outorgada polo equipo técnico contratado a tal efecto para encargarse deste proceso de selección de persoal.</p>
<p>Clasificación definitiva:</p>	<p>Unha vez rematado o proceso de selección, emitirase a listaxe coa puntuación acadada por cada persoa aspirante que tivera participado nas tres etapas do mesmo.</p> <p>En caso de empate no primeiro posto entre dúas ou máis persoas, terá prioridade aquela con maior puntuación na valoración do perfil profesional complementario avaliable.</p> <p>No caso de manterse o empate, terá prioridade aquela coa maior puntuación na proba escrita (proba 1).</p> <p>En calquera caso, só será seleccionada unha única persoa para cubrir o posto obxecto do proceso de selección.</p>
<p>Persoa candidata proposta:</p>	<p>A persoa candidata con maior puntuación será a proposta á Presidencia e á Xunta Directiva do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR para a súa contratación para o posto, sendo preciso a aceptación do cargo por escrito nun prazo máximo de 5 días hábiles trala súa correspondente notificación.</p>



SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL NA ASOCIACIÓN "GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO SUR"

	<p>Con carácter previo á sinatura do dito contrato laboral deberá, como requirimento imprescindible, asinar unha declaración na que conste que non está incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia, así como no caso de que cambien as circunstancias que poidan afectar a compatibilidade.</p> <p>O GALP GOLFO ÁRTABRO SUR resérvase, durante todo o proceso de selección e en calquera momento posterior, todos os dereitos que estime lexítimos para poder resarcirse dos prexuízos que lle sexan causados por calquera reclamación, cancelación ou suspensión da celebración do contrato que puidera producirse no caso de observar calquera irregularidade, falsidade, dolo ou mala fe por parte das persoas participantes como candidatas no proceso.</p>
Comunicacións e convocatorias:	<p>Todas as comunicacións, convocatorias e información de datas e horas das distintas probas e actividades vinculadas ao proceso de selección faranse a través da dúas páxinas web establecidas nas presentes bases, polo que de xeito xeral non se realizarán convocatorias individuais, primando en todo caso as datas e horas publicadas nas páxinas web mencionadas.</p> <p>De cada unha das etapas do proceso de selección o equipo técnico encargado do mesmo elevará o correspondente informe perante a Presidencia ou a Xunta Directiva do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR deixando constancia dos seus acordos e decisións tomadas.</p>
Lista de agarda:	<p>Coas persoas candidatas que accedan á entrevista final e non obteñan a praza farase unha lista de agarda, para a que se terá en conta a puntuación obtida nas tres probas do proceso a efectos da súa ordenación de maior a menor puntuación.</p>
Renuncia da persoa candidata elixida:	<p>En caso de renuncia ou rexeitamento do contrato pola persoa candidata seleccionada, e sempre que o período restante de vixencia o permita, farase uso da lista de agarda tendo preferencia no chamamento as persoas candidatas que obtiveron maior puntuación.</p> <p>No caso de que algunha persoa candidata renuncie, decaerá da lista. Esta renuncia deberá expresala por escrito.</p>
Formalización do contrato laboral:	<p>A formalización do contrato laboral derivado do posto de traballo ofertado quedará suxeita ao crédito orzamentario que resulte asignado ao GALP GOLFO ÁRTABRO SUR, o cal deberá ser suficiente na partida correspondente para garantir a continuidade do contrato ao longo do período de implantación da EDLP (2021-2027).</p>
Interpretación das bases de selección:	<p>En todo aquilo non fixado explicitamente nas presentes bases de requirimentos específicos do posto de Persoal técnico do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR, o órgano do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR con competencias a tal efecto realizará a interpretación correspondente das presentes bases e tomará os acordos oportunos, en particular no relativo á aplicación pormenorizada do baremo establecido, así como a valoración dos medios de acreditación dos méritos correspondentes e ao propio proceso de realización das entrevistas persoais entre outros, co fin de asegurar a máxima transparencia e un óptimo transcurso do devandito proceso de selección.</p>
Aceptación incondicional das	<p>A solicitude de concorrer ao proceso suporá a aceptación incondicionada destas bases.</p>



bases de selección:	
Alegacións ao proceso de selección:	<p>As persoas participantes no procedemento de selección poderán presentar alegacións en calquera das fases do procedemento, a través do correo selecciongalpgoartabrosur@gmail.com nun prazo máximo de 2 días hábiles (de luns a venres) a contar a partir do día seguinte á data de publicación das listas provisionais de cada unha destas fases.</p> <p>Unha vez revisadas as alegacións darase resposta pola mesma vía no prazo máximo de 2 días hábiles e, no caso de que a persoa candidata supere a fase na que se presentan alegacións como consecuencia da revisión destas alegacións, esta será incorporada á lista definitiva da devandita fase, feito que será publicado a todos os efectos nos medios nos que se publiquen as diferentes fases do proceso.</p>

A presidencia do GALP Golfo Ártabro Sur
Asdo.: Alberto L. Castro García

ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE

D./D^a _____, con DNI número _____ e
endereço en _____, e con teléfono _____, e
endereço de correo electrónico a efecto de comunicacións _____, en virtude
da convocatoria para a contratación do **posto de Persoal técnico** para o Programa FEMPA 2021-
2027 por parte do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur.

DECLARO:

1. Que tiven coñecemento mediante o anuncio publicado en _____, de data .. de _____, da convocatoria realizada polo GALP para a contratación de persoal (posto de traballo **de Persoal técnico**) para o desenvolvemento e execución do Programa FEMPA 2021-2027, e estou interesado/a en participar no proceso de selección.
2. Que cumpro todos os requisitos establecidos nas referidas bases.
3. Que coñezo e acepto incondicionalmente as bases do proceso de selección para a contratación do posto de Persoal técnico para o desenvolvemento e a execución do programa FEMPA 2021-2027, por parte do GALP GOLFO ÁRTABRO SUR .
4. Que toda a documentación e información subministrada e/ou presentada durante todo o proceso de selección para o posto é certa e se axusta á realidade da miña experiencia profesional.
5. Que xunto coa presente instancia e a documentación que achego

SOLICITO:

Participar no proceso de selección para o posto **de Persoal técnico**, que convoca o GALP Golfo Ártabro Sur para a execución do Programa FEMPA Galicia 2021-2027.

Coa mesma, autorizo á Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro GOLFO ÁRTABRO SUR ao arquivo dos meus datos persoais, incluíndo as información e documentos privados entregados para a formalización da miña participación no proceso de selección de persoal, así como a facer uso dos mesmos en todo aquilo que estea relacionado única e exclusivamente coa realización, seguimento, control e resolución deste proceso selectivo.

En _____, a __ de _____ de 2024

Asinado

Sr. Presidente da Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur
Av. do Porto 21 Baixo – Casa do Mar Sada 15160 Sada – A Coruña





ANEXO III – Temario para a proba escrita (Proba 2ª)

1. Estatutos da asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur.
2. Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a asociación "Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur" para a aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027.
3. Estratexia do Desenvolvemento Local da Zona Pesqueira do Golfo Ártabro Sur 2023-2027.
4. Programa Operativo para España do FEMPA (Programa SFC2021 para el FEMPA), aprobado por decisión da Comisión de 29 de novembro de 2022 C(2022) 8732.
5. Criterios de selección para a concesión de axudas no marco do Programa Operativo do FEMPA aprobados polo Comité de Seguimento.
6. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
7. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. ORDE do 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023 (código de procedemento PE155A).
9. Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE155A).

